



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO UN DO CONSELLO PROVINCIAL DE PESCA CONTINENTAL DE OURENSE

Lugar de realización: Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia
(Avda. da Habana, 79, baixo, 32071 Ourense).

Día: 14 de outubro de 2021

Hora de comezo: 12:00h

Hora de remate: 15:10h

ASISTENTES:

- M.^a Victoria Núñez López (xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda), presidenta.
- Juan José Gómez Fernández (xefe do Servizo do Patrimonio Natural), vicepresidente.
- Ana María González Méndez (en representación da Secretaría Xeral para o Deporte), vogal.
- Cecilio Santalices (Representante da Axencia de Turismo de Galicia), vogal
- M.^a José Alonso Juste (en representación da Consellería do Mar), vogal.
- José Luis Prada Suárez (en representación da Consellería de Economía, empresa e innovación) vogal.
- Alberto de Anta (Representación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil), vogal
- Gabriel Fernández Vázquez (delegado provincial da Federación Galega de Pesca), vogal.
- Roi Juan López Muriel (representante das sociedades federadas), vogal.
- Antonio Cortés Araujo (representante das sociedades federadas), vogal.
- Ignacio Conde Rivas (representante de sociedades de pesca non federadas), vogal.
- Herminio Fernández Mateo (representante das sociedades de pesca non federadas), vogal.
- Oscar Rodríguez González (representante de asociacións naturalistas e ecoloxistas), vogal.
- Roberto Carlos Freire Ramos (representante de asociacións naturalistas e ecoloxistas), vogal.
- Elisa Fernández Feijóo (Titulada superior ambiental da sección de caza e pesca), convidada.
- Antonio Rodríguez Rivas (xefe da sección de caza e pesca fluvial), vogal, actúa como secretario.

AUSENTES:

- Carlos Gómez Lorenzo, Axente territorial do D.XII, convidado.





ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, correspondente ao 14.10.2020.

O delegado da Federación Galega de Pesca en Ourense, en adiante FGP, apunta que se trate de ser o mais conciso e explícito posible na redacción da acta, especialmente nas conclusións e acordos da mesma.

2. Propostas para a tempada 2022

2.1 Propostas da administración:

a) Inicio/fin da tempada

	TROITA E CIPRÍNIDOS
INICIO TEMPADA	20 MARZO/1 MAIO (montaña)
FIN DE TEMPADA	31 XULLO/30 SETEMBRO (psm)

b) Black-Bass.

Prohibir o emprego de peixes artificiais como cebo fora da tempada hábil nos lugares onde estea permitida a súa pesca (Mod. do artigo 9.4)

c) Asticot nos encoros

Permitir o uso de asticot como cebo para ciprínidos fora da tempada hábil só nos tramos especificados no anexo X, quedando no resto como cebo permitido unicamente os engados vexetais (Mod. Do artigo 4.2.e).

2.2 Propostas das entidades colaboradoras

-Sociedade de pesca Alaricana

a) Que sexa levantado o vedado existente dentro do couto que se estendía desde O Rexo a Acea de Meire.





- Sociedade deportiva de pesca Pontegrade propón para o couto de Celanova

- a) Vedar no Río Orille o tramo que comprende dende a ponte pequena ata o matadeiro municipal (750 mtrs aprox) Quedando o vedado dorio Orille dende a ponte pequena ata a sua desembocadura no arnoia ,nunha lonxitude de aproximadamente 2Km.
- b) Establecer un calendario de actuación Anual para proceder a un sistema de control de especies invasoras, sobre todo respecto a presenza do Vison americano e o Cormoran grande, con participación da entidade colaboradora en ditas tarefas.
- b) Modificar o limite inferior do couto de Celanova, dende a desembocadura do rio Orille ata a pasarela do muiño do varela nunha lonxitude de uns 1km.

-Sociedade de Pesca Laza

1º) Apertura do tramo vedado no Río Cabras o Cereixo, pois está vedado en su totalidade e xa é a terceira tempada que se encontra vedado.

Río Cereixo Nacemento (Laza) Desembocadura eno Támeiga (Laza; 627.949, 4.656.537) 10 Afluentes

2º) Incluír un tramo de Veda no Tramo do Couto de Laza, que xestionamos e propomos como límite inferior A Ponte de Matama (42.03597, -7.43371) evcomo límite superior A Presa de Penelas (42.038285, -7.430274), cunha lonxitude de 400 m.

3º) As obras do AVE están no seu estado final de execución, polo que solicitamos unha repoboación de salmo truta fario do tramo acoutado, pois la poboación de troitas esta mermando cada ano que pasa, cousa que xa contemplamos no Plan de Xestión presentado.

4º) Que se valore una limpeza do manto do cauce do río, que se agarra ás pedras e gravas do fondo río, afectando á freza das especies.

5º) Que se realice una limpeza de la ribeira do río e de posibles tapóns, provocados polas cheas repentinas, que deixan sedimentos en todo o cauce. Tamén se debe valorar l morte de algunhas especies arbóreas da marxe do río e a súa posible retirada.

6ª) Demandamos la reconstrución dunha presa de regadío (PRESA DO HIGINIO, Matamá), pois está afectando ao cauce do río, aumentando la profundidade do leito auguas arriba, co que as raíces dos ameneiros quedan núas e acaban caendo ao río polo vento, o que provoca tapóns nas cheas, causando danos nas parcelas da ribeira do río. (Aporto fotos).





7ª) Apreciase estes últimos anos o aumento de la presencia de “VISON” e “CORMORAN” no tramo acoutado, poe que solicitamos ao servizo a colocación para a colocación de trampas para acabar con estes depredadores.

-Sociedade de pesca deportiva Arenteiro

a) Incremento do importe dos permisos de pesca intensiva ata un mínimo de 12€.

- Sociedade de pesca deportiva río Viñao

a) Solicitamos escala de remonte na represa de Cameixa (río Viñao), dado a imposibilidade de remonte dos peixes, tal e como se solicitou no ano 2020 e inda non se obtuvo resposta.

b) Solicitamos que o río Viñas ou Lovagueira: o tramo vedado desde a desembocadura no río Viñao ata a primeira cascada, pasalo a couto.

c) Solicitamos que todos os tramos libres vedados, motivados por os incendios de fai tres anos, pasen a se libres pra pesca.

d) Solicitamos que unha reestruturación de permisos diarios no couto en días laborables, e pasar dos 9 permisos autorizados a 7.

f) Solicitamos a limpeza das árbores secas na marxe do río, así como no leito do mesmo.

g) Solicitamos datos de enquisas realizadas con pesca eléctrica en todos os tramos: Cotos, tramos libres, tramos vedados e tramos de pesca sen morte.

g) Solicitamos control de depredadores.

- Agrupación deportivo natural

a) Que se informe aos membros do Comité sobre os datos que teña o Servizo Provincial de Patrimonio Natural sobre a xestión da pesca fluvial na provincia de Ourense, como estadísticas de ocupación e esforzo de pesca nos coutos ou denuncias e especialmente aqueles relacionados cos resultados da implantación de medidas acordadas nos últimos anos polo Comité Provincial como por exemplo:

- Implantar a pesca sen morte nas concas dos ríos Xares e Navea.

- Vedar as concas de ríos afectados polos incendios de Outubro de 2017 como o

Cerves, Outeiro, Valderias...

- Modificacións en coutos, tramos vedados e tramos libres de pesca sen morte.





- Implantación de novos tramos vedados e de pesca sen morte.

- Finalización anticipada da tempada hábil en determinados ríos.

Consideramos que o máis axeitado sería remitir esta información con antelación á celebración da reunión pero se non é posible esta información debería ser exposta na reunión con carácter previo ao debate das propostas para a tempada 2022.

b) Que na reunión se debata sobre o estado actual dos ríos de O Ribeiro-Carballiño afectados polos incendios de outubro de 2017 (Cerves, Outeiro, Valderías...) e se tome unha decisión sobre o levantamento da veda á que estiveron sometidos durante as últimas 3 tempadas.

O ríos Cerves, Outeiro e Valderías levan vedados tres tempadas, 2019, 2020 e 2021 e xa transcorreron 4 anos desde que se produciron os incendios que os afectaron. No comité provincial de 2020, o servizo provincial comprometeuse a estudar o estado das poboacións piscícolas destes ríos realizando mostraxes con pesca eléctrica. Solicitamos que se informe sobre a realización do estudo e no caso de ser así sobre os resultados obtidos para poder debater e tomar unha decisión ao respecto.

c) Que na reunión se aproben as seguintes proposta para trasladar ao Comité Galego de Pesca Fluvial e de cara a ser recollidas na orde anual coas normas de pesca fluvial do 2022:

C.1) Eliminar a obrigatoriedade de practicar a modalidade de pesca sen morte desde embarcacións e artefactos aboiantes implantada na tempada 2021 a través da orde anual pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, de tal xeito que quede tal e como estaba con anterioridade á tempada 2021.

C.2) Que se inicien os trámites necesarios para a creación na provincia de Ourense dos primeiros “Escenarios Deportivos e Sociais e de Formación” contemplados no artigo 46 da LEI 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Propoñemos que sexan os seguintes:

- Para a modalidade de Salmónidos: Couto de pesca “Barbantiño sen morte”.

- Para a modalidade de Auga Doce: Encoro e Cachamuiña.





C.3) Que se adopten medidas para controlar ás poboacións de especies como o cormorán e o visón americano naquelas zonas de especial interese para as poboacións de salmónidos como coutos, tramos libres de pesca sen morte e tramos de freza.

2.3 Propostas de particulares

- Pablo Soto

Propón que no Río Outeiro, que na actualidade se encontra vedado, se pase a pesca sin morte algún tramo na contorna do núcleo de Francelos

- Tomás Sancho

Dende o ano 2017 se impuxo unha veda total á pesca fluvial nos regatos que discorren polo termo municipal de Beariz. Que a asociación que represento ten recibido as inquiredanzas dos afeizoados á pesca que son veciños de Beariz porque non poden “sacar a cana ó río”, expresión que quere dicir realizar unha actividade deportiva relacionada coa nosa riqueza troiteira e fluvial e non necesariamente coa morte das troitas pescadas. Que os motivos nos que se pode basear unha veda tan prolongada nestes ríos, non se aprecian na actualidade:

1. Falla de reprodución da troita. Neste aspecto é comprobable que a reprodución da troita é normal e non está afectada por exceso de pesca xa que van alá 3 anos de veda.
2. Seren os nosos ríos “regatos de cabeceira”. A situación orográfica de Beariz e as características físicas do terreo favorecen a aparición de regatos sendo, de feito, o nacemento do río Avia. Este aspecto pode limitar o caudal en certos anos de seca e isto limitar o espazo vital da troita pero non se ten dado unha sequía nas épocas críticas para a troita nos últimos anos, desde a seca do ano 2016 que durou ata o mes de novembro.
3. Estaren afectados por incendios. O Territorio de Beariz non foi afectado pola vaga de lumes do ano 2016 e tampouco ardeu ningún monte con vertentes a regatos dentro do territorio municipal. Ó ser cabeceira de cunca fluvial non recibe aluvión doutras zonas que fosen afectadas por incendios.
4. Non consta a esta asociación o inicio de ningún expediente a pescadores do concello por pesca ilegal nin por danos ós ríos ou ás troitas. Tampouco se coñece expediente por contaminación dos ríos.

Por estes motivos é que lle SOLICITO :





Que sexa aceptada a nosa reclamación no senso de poder excluír das vedas algún tramo dos regatos do termo municipal de Beariz para desfrute da pesca deportiva da troita na tempada 2021. Nomeadamente suxerimos o tramo que vai desde a Área Recreativa de Barcia ata a Ponte Piñeiros no Regato Ponte Pedriña (Beariz) e o tramo do Río Doade desde a Ponte de Acevedo ate a confluencia co Rego Donsueiro.

- Alberto Fernández

Poñer como límite superior do encoro do Lindoso "as augas encoradas". Na actual orde de pesca aparece como límite superior a ponte sobre a N 540 que da acceso a Lobios. Pero na realidade o encoro comeza pouco por baixo do viaduto sobre o río Limia, e este atópase a máis de tres Km augas arriba do límite actual. Supoño que poñer o límite na ponte de acceso a Lobios ten que tratarse dun erro ou de que quen o puxo non coñece o encoro, pero a realidade é que con este límite a partir do 31 de xullo impídese pescar ciprínidos e black bass nunha das mellores zonas do encoro, (das poucas onde hai praias e zonas pouco fondas), e que por suposto sempre ten as augas encoradas.

- Marcos Aceña Berrocal

“Que sea permitida la pesca desde embarcacion o artefactos boiantes en aquellos embalses en los que este permitida la pesca a flote durante todo el año, sin estar limitada a las fechas habiles de salmonidos, en resumen que este permitida todo el año. Que la pesca desde embarcaciones y artefactos boiantes en las fechas de temporada habil de salmonidos sea en la modalidad de pesca sin muerte para las especies de salmonidos, no pudiendo tener posesion de ningun salmonido durante las fechas habiles de pesca de salmonidos, aunque hayan sido capturadas con señuelos de blackbass . Durante las fechas restantes de la temporada (todo el año) este permitida la pesca de blackbass o perca negra sin limitacion de señuelos desde embarcaciones o artefactos boiantes, ya que de producirse capturas de salmonidos fuera de la temporada hábil de salmonidos deberan ser devueltas al agua y dentro de la temporada de salmonidos al ser sin muerte desde embarcaciones o artefactos boiantes sera devueltas igualmente.

Ante esta situacion de clara proteccion de los salmonidos con pesca sin muerte desde embarcaciones y artefactos boiantes, se permita el uso de sondas de ecolocalizacion sin limitaciones algunas respecto.

Con esto expuesto anteriormente se solucionaría la problemática surgida esta temporada 2021 sobre la limitacion para los pescadores de embarcaciones, respecto a otros como pescadores de orilla o pato. Promoviendo una pesca sostenible y que se pueda realizar todo el año como temporadas pasadas, para especies distintas de salmónidos.”

-Proposta AEMS RIOS CON VIDA

Propoñen os seguintes tramos libres de pesca sen morte:





ID	NOME	PROVINCIA	TIPO	L. SUPERIOR	L. INFERIOR	LONXITUDE (M)
63	Gorgua	OURENSE	LSM	Ponte Freans	Xunta co Tuño	5962
69	Arnoia-1	OURENSE	LSM	Ponte do ferrocarril (As Cepas)	Ponte da Cea. Lim. sup. Vedado	2501
71	Avia-2	OURENSE	LSM	Presa do encoro deAlbarellos	Restitucion central electrica de Albarellos	4078
74	Arnoia-2	OURENSE	LSM	Presa minicentral da Peneda	Minicentral inferior	4530
75	Tuño-2	OURENSE	LSM	Ponte estrada OU-531 (Xinzo-A Cañiza)	Desembocadura no Arnoia	1691
76	Tuño-1	OURENSE	LSM	Presa de Rubiás	Saída de augas das turbinas da minicentral 3	2486
77	Deva-2	OURENSE	CSM	Ponte de Entrerios	Ponte de Freans (Ponte Deva)	2002
78	Viñao	OURENSE	LSM	Limite inferior couto de Boboras	Presa captacion auga embalse Albarellos	3233
79	Limia	OURENSE	LSM	Ponte da sala de maquinas das Conchas	Ponte da estrada OU-540	4935
82	Deva-1	OURENSE	LSM	Minicentral de San Miguel (sala de máquinas)	Limite superior do coto de Ponte Deva	2590
88	Mao	OURENSE	LSM	Muro presa do embalse de Edrada	Pequena presa de formigon	4909
89	Arenteiro-1	OURENSE	LSM	Ponte de godas (Limite inferior coto sen morte do carballiño)	Augas encoradas (Encoro de bouteiro)	2641
90	Arenteiro-2	OURENSE	LSM	Presa do encoro de Bouteiro	Pozo dos fumes Boborás	3914
91	Avia-1	OURENSE	LSM	Desembocadura regato de Riobo (Abelenda)	Augas encoradas (Encoro de Albarellos)	5517



92	Avia-3	OURENSE	LSM	Limite inferior LSM (Leiro)	Pazos de Arenteiro	Ponte de as poldras (Leiro)(Limite sup couto Rivadavia)	3891
93	Barbantiño	OURENSE	LSM	Ponte sobre a estrada que une Vilamarín con Regueiros		Ponte medieval preto de Faramontaos	5371
94	Leira	OURENSE	LSM	Ponte do Mazo		Desembocadura no Sil	2324
95	Salas-1	OURENSE	LSM	Limite co actual lim. inf. do ILSM		Linea divisoria da fronteira con portugal (encontro de Salas)	2318
96	Salas-2	OURENSE	LSM	Ponte da estrada OU_1206		Ponte estrada OU-1202 entre gandeiros e Portaxe (Muiños)	10957
98	Tioira	OURENSE	LSM	Ponte de Pias. Lim inf. LSM		Desembocadura do regato da Breña.Lim vedado	5174



Tras o debate e votación das propostas conclúese:

1. Fixar as datas de inicio e fin da tempada de pesca propostas polo Servizo do Patrimonio Natural:

	TROITA E CIPRÍNIDOS
INICIO TEMPADA	20 MARZO/1 MAIO (montaña)
FIN DE TEMPADA	31 XULLO/30 SETEMBRO (psm)

2. Black-Bass.

Prohibir o emprego de peixes artificiais (todo cebo que imite a figura dun peixe ou partes anatómicas do mesmo) como cebo fora da tempada hábil de salmónidos nos lugares onde estea permitida a súa pesca (Mod. do artigo 9.4)

3. Asticot nos encoros

Permitir o uso de asticot como cebo para ciprínidos fora da tempada hábil só nos tramos especificados no anexo X, quedando no resto como cebo permitido unicamente os engados vexetais (Mod. Do artigo 4.2.e).

4. Couto de Allariz.

Suprimir o vedado existente no couto.

5. Couto de Celanova

Vedar no tramo 2 (río Ourille) o tramo dende a ponte pequena (587.092, 4.669.445) ao matadeiro municipal na Barxiña (587.237, 4.671.109).

5. Couto de Laza

Vedar o tramo comprendido entre a presa de Penelas (629.915, 4.655.217) á ponte de Matamá (629.642, 4.654.958).





6. Couto de Boborás

Modificar os permisos diarios en día laborable, pasando dos 9 actuais a 7.

7. Pesca desde embarcación.

Eliminar a obrigatoriedade de practicar a pesca sen morte desde embarcación ou artefacto aboiante nas masas de auga expresamente autorizadas nos anexos VII e VIII.

8. Río Ponte Pedriña

Creación dun tramo de pesca sen morte dende a ponte da área recreativa de Barcia (559.321, 4.702.695) ata Ponte Piñeiros (560.044, 4.701.284), tramo actualmente vedado.

9. Encoro de Lindoso.

Modificar o límite superior do encoro de Lindoso, substituíndo o actual “na ponte da estrada a Lobios e á Madalena OU-540 no curso principal” por augas encoradas.

10. Tramos de pesca sen morte

Acórdase que o servizo de Patrimonio Natural revise a proposta de AEMS e o resultado se eleve ao Consello galego de Pesca Continental.

Unha vez revisados todos os tramos propostos, no conxunto das augas pescables e non pescables acórdase elevar:

Río Arnoia

- Tramo comprendido entre a presa da minicentral da Peneda (573.873, 4.675.639) ata a minicentral inferior (Arnoia)(572.035, 4.675.999), aprox 4,5 km .

Río Tuño

- Tramo comprendido entre a ponte da estrada OU-531, Xinzo a Cañiza, (579.728, 4.671.024) ata a desembocadura no río Arnoia (580.143, 4.672.351), aprox. 1,70 km.

Río Gorgua

- Tramo comprendido entre a ponte Freáns (570.457, 4.663.695) ata a desembocadura no río Deva (572.471, 4.668.001), aprox. 5,9 Km.





Río Deva

- Tramo comprendido dende a sala de máquinas da minicentral de San Miguel (572.955, 4.666.417) ata o límite superior do couto de Pontedeva (572.471, 4.667.903), aprox. 2,5 km.

-Río Avia

Tramo comprendido entre a presa do encoro de Albarellos (566.624, 4.694.463) ata a restitución da central eléctrica de Albarellos (569.427, 4.694.329), aprox. 4 km.

Río Arenteiro

- Tramo comprendido entre a presa do encoro de Bouteiro (572.284, 4.695.882) ata o pozo dos Fumes (570.791, 4.695.049), aprox. 3,9 Km.

11. Elevar a Dirección Xeral de Patrimonio Natural :

- Proposta da sociedade de pesca deportiva Arenteiro de Incrementar o importe dos permisos de pesca intensiva ata un mínimo de 12€.
- A proposta da Sociedade de pesca do Río Viñao de implantar un dispositivo de franqueo na presa de Cameixa no río Viñao.
- A proposta da Agrupación deportivo natural de iniciar os trámites de creación de escenarios deportivos-sociais e de formación contemplados na lei 2/2021 de 8 de xaneiro de Pesca continental de Galicia, pero non desenvolvidos regulamentariamente, propoñendo como posibles escenarios o couto de pesca sen morte do río Barbantiño e o encoro de Cachamuiña

O Secretario
Antonio Rodríguez Rivas
(Asinado dixitalmente)

Visto e praxe
A presidenta
Victoria Núñez López

